Cadernos de Lingua 36, 167-170
© 2018. Real Academia Galega
ISSN: 2603 - 6975

Carolina Pérez Capelo, *Toponimia e variación dialectal en Galego. Os topónimos rematados en -oa, -oá, -ua, uá.* Santiago de Compostela: Universidade, 2015. 128 p.

Antón Santamarina

É cousa coñecida desde hai moito que na toponimia se conservan reliquias lingüísticas que son testemuños de que determinadas fronteiras lingüística (isoglosas) mudaron de lugar por razóns diversas. Un exemplo ben rechamante témolo no caso de L- latino que, como é sabido, se converte en *ll-* en varias falas do galego asturiano; *llobo* e *lleite* aparecen (entre as áreas que corresponden ás variantes galega *lobo* e asturiana *tsobu*) nunha franxa bastante ancha que vai desde A Caridá, pasando por Boal, ata Berducedo (pode verse en Babarro, *Galego de Asturias,* p. 99). Este fenómeno en tempos recuados debeu de afectar tamén a terras que hoxe son administrativamente galegas; topónimos como *Llencias* (na Fonsagrada e na Ribeira de Piquín), *Llouxas* (tamén na Fonsagrada; aínda que no *Nomenclátor* vén *Louxas* moita xente segue a dicir *Llouxas*) ou *Lladairo* (tamén na Fonsagrada), que se corresponden cos *Lencias/Lenzas, Lousa* e *Ladairo* doutras partes de Galicia, fan sospeitar que a isoglosa do *ll-* recuou bastantes leguas favorecendo as formas máis "galegas". O que ocorre co L- está moi relacionado co que ocorre tamén co -LL- e co -L- e tamén nisto os datos da toponimia e da lingua mesma redundan no que se sospeita para o L-.

Pois ben, disto vai o libro que nos ocupa, que toma como obxecto de estudo topónimos dos Nomenclátores de Galicia (NG), Asturias, León e Zamora (esporadicamente doutras fontes) que rematan nas catro variantes que figuran no título (e ademais -ó, como en *Pereiró* e –úa, como en *Pereirúa)*, que se corresponden coas terminacións latinas -ŏna, -ōna, -ŏla e -ōla.

-ŏna. Para a primeira das terminacións non hai senón a base bŏna que aparece como determinante (*boa, búa*), amalgamado ou non, en numerosos topónimos do tipo *Lamaboa, Lama Boa, Lamabúa*. Neste caso, como os topónimos son todos "falantes" (transparentes)

os datos toponímicos e os datos do Atlas Lingüístico Galego para a cuestión "boa" son coincidentes.

-ōna. Para esta terminación o topónimo máis significativo é *Coroa* ou *Croa.* Aparecen ademais *Ambroa, Camboa, Comboa, Falcoa e Fontecarmoa.* Neste caso son poucos como para poder facer unha comparación significativa con apelativos do tipo *boroa, solteiroa-solteirúa.* A única variante (*-oa*) dos 21 topónimos rexistrados cadra ben cos resultados dos apelativos.

-ŏla. Os topónimos relacionados con esta terminación (sempre sufixo exceptuado o caso de mŏla) constitúen a parte central do traballo e a máis interesante. Se temos en conta que o sufixo diminutivo *-ola, -oa* foi bastante produtivo na época preliteraria do galego, non encontraremos estraño que as ocorrencias de topónimos con derivados de -ŏla se conten por ducias só no NG, e que polo tanto neste caso a comparación entre as áreas dos topónimos e dos apelativos dea resultados máis significativos. Analiza a autora neste apartado 38 bases toponímicas seguras, algunhas delas moi férteis (as que corresponden a *aira, igrexa, ferreira, figueira, moa, nogueira, pereira, raña, viña*). Os resultados posibles podemos velos na serie *Figueiroa, Figueirúa, Figueiroá* e *Figueiró*; algunha variante máis aínda é posible, como *-uá(s)* (*Bouzuás*, topónimo menor que non rexistra a autora, pero que se pode atopar nos buscadores; ela mesma rexistra no apartado de dubidosos casos como *Paraxuá* ou *Lixuás*) ou -ón (*Bouzón,* 4 veces no NG, que lembra os *Figueirón* e *Piñeirón* variantes de *Figueiró* e *Piñeiró* que cita seguindo a Navaza). Os seis resultados son foneticamente explicables, cousa que fai a autora de maneira cumprida.

Como dixemos, a abundancia de topónimos deste apartado permite confeccionar un mapa (que presenta a autora co nº 5) onde temos 188 casos de topónimos en -ŏla de étimo seguro: 105 en *-oa*, 45 en *-oá*, 11 en -úa e 27 en –ó; estes catro tipos forman catro áreas ben compactas con moi poucas descolocacións esporádicas.

Se este mapa, que supoñemos que nos ofrece máis ou menos o trazado primitivo das isoglosas, o superpoñemos ao mapa de palabras do vocabulario común que teñen a mesma terminación -ŏla, os resultados son ilustrativos. O mapa de *teiroa* (nº 7), 39 puntos, confeccionado cos datos de C. García, *Glosario* (V. agora http://ilg.usc.

© 2018. Real Academia Galega. *Cadernos de Lingua* 36, 167-170
ISSN: 2603 - 6975

es/Tesouro/gl), mostra que a coincidencia é moi notable; o concepto 'teiroa' está moi vencellado á cultura material local e polo tanto a palabra que o vehicula é das que son pouco viaxeiras; as súas variantes cadran ben cos datos toponímicos. En cambio para o concepto 'moa' as variantes principais son *moa, mola* (en Asturias) e *mó,* esta na mesma área suroccidental ca o *-ó* toponímico. E o mesmo ocorre coas variantes que designan o concepto 'filloa' onde *filloa* e a súa variante *filloga* son dominantes mentres que *fillola* e *filló* quedaron reducidas a áreas moi marxinais. E a razón é, basicamente, que *moa* e *filloa* son palabras máis viaxeiras, menos apegadas á tradición local. En canto a 'avoa', que podía ter dado outra boa peza de contraste, na época da recolleita dos materiais do ALGA xa non sobrevivía baixo ningunha das seis formas patrimoniais esperadas.

Trata despois a autora dun pequeno grupo de palabras de étimo dubidoso que poderían considerarse tamén do grupo -ŏla: *Lixuás/Lixoa, Mouroás, Muruás, Praxuá(s)/Paraxúa/Paraxó*. É un bo procedemento metodolóxico cando non hai outra maneira de resolver un enigma etimolóxico abordalo pola forma da palabra; todos eles cadran dentro da área de *-oá* polo tanto é verosímil que pertenzan ao grupo. Con todo o *Muruás* non parece que sexa separable de *Muruais* que xa non se podería explicar polo -ŏlas; o *Muruás* de Muras parece ter o mesmo plural que *Carballás,* tamén de Muras.

E engade outro apartado especial para 8 topónimos asturianos para os cales, en cambio, é bastante segura a base etimolóxica, pero é dubidosa a terminación (é dubidoso se o antigo é -ŏla ou -ōna): *Barcúa, Barreiroa, Bouzúa, Casoa/Casúas, Castañeirúa, Eiroá, Pasadúa, Piñeirúa*.

-ōla. Só se dá o caso do indefinido sōla, que aparece como determinante de *casa* (*Casasoa, Casasoâ*), *parede* (*Pardesoa*), *pedreira*? (*Pedreisoas*) e *vila* (*Vilasoa*, houbo tamén *Vilasó* na Barbanza, hoxe só apelido).

Presta atención despois dos apartados anteriores a unha ducia de topónimos que rematan nalgunha das desinencias mencionadas (*-oa, -oá,* -úa*, -oás, -uás*) pero que teñen orixe diferente e máis ou menos dilucidada (*Arruás, Bergoa, Charrúa, Cachaxuás, Filloás, Grúa, Novelúa, Ortoá, Resúa, Rúa, Sanxuás* e *Troa*); como son de ocorrencia única non se prestan para facer dialectoloxía histórica.

E remata con dous apartados, (a) un de topónimos de orixe dubidosa para os que se propuxeron hipóteses que, segundo a autora, son cuestionables desde os datos que ofrece a xeografía lingüística (*Amoá, Arrexoá, Arzúa/Arzoá, Cafúa, Castaxúa, Madroa, Queiroa/ Queiroás/ Queirúa, Lagoa/ Lagúa/ Llagúa*); e (b) outro para os que a autora mesma fai propostas etimolóxicas apoiándose nos datos da xeografía lingüística, a maioría verosímiles, outras veces cuestionables (*Antoa, Basadroa, Vadeiroás, Carzoá, Caveiroa, Covilloas, Mañoás, Mazúa, Meiroá(s), Meneiroas, Paradoa, Parañoa, Pezoas, Pigaroa, Raxoá, Roxoa*).

O propósito da autora era mostrar o interese que ten a comparación dos datos proporcionados pola dialectoloxía cos que se poden extraer da toponimia e como entre unha e outra pode haber beneficios recíprocos. O cumprimento deste propósito quedou ben colmado.

Podemos se cadra discrepar ou ser reticentes aquí e alá a propósito dunha etimoloxía ou que sexa algunhas veces condescendente con opinións insostibles doutros (*Resúa* < REM SUDAM; SUDUS '(tempo) seco' non deixou descendentes nas linguas románicas). Podemos tamén botar en falta que se intentase un rastrexo das formas modernas en fontes antigas, en especial naqueles casos que unha etimoloxía é dubidosa. No capítulo 7.1, por exemplo, inclúe un topónimo *Arrexoá* de San Pantaleón de Cabanas, Ourol, seguido dunha dupla explicación de Bascuas (*ARRATIOLA ou *ARRA-SOLANA); no Madoz este lugar rexístrase como *Rajoá*, que é inseparable dos dous *Raxoá* que cita a autora máis adiante (en 7.2, un está no Incio e outro no Barco de Valdeorras), e que explica mediante unha hipótese de Nicandro Ares como pertencentes á familia de *raxa* (*RADIA). Ningunha das tres explicacións nos deixa moi satisfeitos e se cadra o achado de formas máis antigas cás de Madoz nos bote luz sobre o verdadeiro étimo. Pero no seu conxunto o libro é unha achega ben fundamentada e ben escrita. Esperemos que teña continuidade con outros traballos semellantes porque os datos dunha e doutra fonte (toponimia e dialectoloxía) son abondosos.

© 2018. Real Academia Galega. *Cadernos de Lingua* 36, 167-170
ISSN: 2603 - 6975